

BRANCA DE NEVE VISITA O SÉCULO XX

Un so bico, un bico de amor verdadeiro era o que Branca de Neve precisaba para espertar dun sono profundo que durou máis dun século. Pero, por qué tanto tempo? Todas as medidas posibles foron tomadas no reino, os homes máis apostos acudiron ao lugar para tentar que o seu bico fixese espertar a aquela rapaza; os mellores curandeiros da comarca visitaron a nena para poñer en practica todo o coñecemento que adquiriran nos seus estudos médicos; os máis grandes magos da rexión trataron de finalizar o sono de Branca de Neve a través de numerosos conxuros que, ao igual que os demais intentos, non serviron para nada.

Así, de intento en intento, os anos foron pasando e Branca de Neve chegou durmida ao ano 2019 estando acompañada na sala do hospital por sete curiosos personaxes de estatura raquítica. Agora, a perspectiva médica da época difería moito da daquela, que trataba de usar conxuros e apócemas feitas de todo tipo de substancias insospetadas, os avances permitiran realizar numerosas probas médicas que determinaron que Branca de Neve padecía un problema do sistema nervioso que causa somnolencia extrema, esta patoloxía chámase narcolepsia. A pesar de que a súa enfermidade estivera diagnosticada pola ciencia, a cura parecía non ter ningunha relación con ela, xa que soamente un bico nos beizos de quen a Branca de Neve realmente lle gustaba serviría para espertala.

No punto de maior desesperación de todos os homes que pasaban a bicala, así como do equipo médico, apareceu Xasmín, unha rapaza de orixe indio, vítima dunha cultura que a converteu na noiva dun home que realmente ela, non amaba. O home prometéralle viaxes por todo o mundo así como unha morea de desexos dos que Xasmín sempre sospeitara, pois aquel home de orixe humilde non tiña o poder adquisitivo de poder mercar todos os bens que lle ofrecía como agasallos. A través dunha observación moi minuciosa Xasmín descubrira que aquel home tiña una lámpada que concedía todo tipo de desexos e ela tomou vantaxe desa situación. Cando o seu marido estaba presente Xasmín ocupaba todo o seu tempo en abstraerse e darlle voltas a cabeza sobre cal podería ser o seu desexo. Un día Xasmín, tras pensalo moito decidiu non pedir nada material, senón unha escapatoria da súa vida sen paixón, da súa vida sen amor.

O desexo que formulou foi o de querer atopar a alguén ao que realmente ela quixese, as dúas condicións que a lámpada estableceu para que este desexo puidese cumprirse eran que Xasmín daría co seu amor verdadeiro en calquera lugar e en calquera época. Foron esas dúas condicións as que fixeron que as dúas protagonistas, Xasmín e Branca de Neve se atoparan cara a cara no ano 2019 nun hospital cheo de innovacións ás que ningunha das dúas estaban afeitas. Nese mesmo intre no que Xasmín apreciou a beleza de Branca de Neve, cando a moza india deu por cumprido o seu desexo, aquela moza de pel branca e de labios vermellos era o seu amor, aquel polo que levaba tantos anos esperando sen envellecer. Xasmín decidiu bicala e o desenlace é aínda hoxe algo inexplicable para os científicos. Cada un dos sete ananiños tratou de coidar e acompañar a Branca de Neve na súa longa estancia no hospital, so un deles a abandonou en canto chegou Xasmín.

Esta é a historia que agocha a bandeira arco da vella, a que defende e respecta todos os tipos de amores e a cal simboliza coas súas seis cores aos seis ananiños, que estaban hospitalizados xunto con Branca de Neve e que a coidaron ata que espertou por un bico de amor verdadeiro.